

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE 25 DE OUTUBRO DE 2011.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Alejandro Rodríguez Rodríguez (PP).

CONCELLEIROS:

D. Eugenio Portela Pérez (PP)
D. Camilo González Giráldez (PP)
D^a Rosa María Miniño Flores(PP)
D^a Carmen María Estévez Adrover(PP)
D. José Albino Diego Peleteiro (PP)
D^a Rosa María Otero Carballa (PSOE)
D. Gerardo Rodríguez Refojos (PSOE)
D. Roberto González Martínez (PSOE)
D^a Sandra Rodríguez Alonso (PSOE)
D. José Miguel Giráldez Martínez (BNG)

SECRETARIA:

D^a María Cabodevila Ros

Na Casa Consistorial do Concello de Oia (Pontevedra), sendo as 9:00 horas, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Alejandro Rodríguez Rodríguez, coa asistencia da Secretaria, reúnen os señores Concelleiros relacionados ó marxe que constitúen a Corporación do Concello de Oia, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno prevista para esta data.

PRIMEIRO: Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, acta nº 10/2011 da sesión ordinaria de 26.08.2011.

En aplicación do disposto no artigo 91.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, o Sr. Alcalde comeza preguntando ós Srs. Concelleiros se teñen algunha observación que facer a acta correspondente á sesión nº 10/11 de 26 de agosto, ordinaria.

Os concelleiros non teñen nada que obxectar e apróbase por unanimidade dos asistentes (11 votos).

SEGUNDO: Sorteo electoral para designación dos membros das mesas electorais que se constituirán o vindeiro 20.11.2011, con ocasión das Eleccións Xerais.

Neste punto a Secretaria intervé para explicar ós concelleiros que a sorteo realízase informáticamente, coa aplicación que envía o INE onde está instalada a base de datos do Censo electoral. Explica que xa houbo fase de exposición pública do censo ; que houbo dúas alegacións que foron aceptadas e remitiron o CD co censo definitivo.

Di que si todos están de acordo seleccionarán 9 personas por cada cargo, co fin de evitar ter que convocar un segundo pleno, no caso de que haxa moitas excusas.

Os concelleiros están de acordo e acuden ó despacho de secretaría para o sorteo informático, un representante de cada grupo político.

A continuación efectúase o sorteo que se incorpora como anexo a esta acta.

TERCEIRO: Aprobación inicial, se procede, de orzamento municipal para o ano 2011.

O Sr. Alcalde di que case fixeron o orzamento de 2012 pero hai múltiples causas do retraso, aínda que finalmente a responsabilidade é súa. Podedes ver que se presenta un presuposto con 1.394.408,29 € en ingresos e 1.387.076,54 € en gastos, polo tanto cun superávit de 7.331,75 €.

Di que cree que está ben explicado na memoria pero se hai algo que comentar se comenta.

Di que sí quere referirse a algo no que participaron Rosa e Jose Miguel (en referencia ós portavoces do PSOE e BNG), aínda que cree que finalmente Jose Miguel non veu ás mesas de negociación de personal.

O Sr. Jose Miguel Giraldez confirma este extremo.

O Alcalde sigue explicando que os sindicatos presionaron moito para que se recoñecera a antigüidade do personal laboral que non cobra trienios, e uns complementos de produtividade para ese mesmo personal, argumentando a equiparación cos funcionarios.

Di que os funcionarios levan anos cobrando uns complementos que aparecen en presuposto como produtividade aínda que parece que non é produtividade senón uns complementos salariais que veñen dos tempos de Camilo, o antigo secretario.

Pregunta á Secretaria si está explicandoo ben.

A Secretaria explica que parece que esas contías son o resultado de refundir uns complementos preexistentes hai anos e que cando se acometeu a tarefa de completar as nóminas dos funcionarios con pagas extras dobres nos concellos darredor, aquí non se quixo facer, porque debía levar informe desfavorable e o que se fixo foi calcular as diferencias salariais que eso supoñía e metelas como complemento de produtividade mal chamados.

Parece que logo a secretaria posterior mantivo a denominación e finalmente agora, nos ultimos tempos pretendíase incluír nos complementos específicos, esas contías, a través da RPT, por entender que son contías consolidadas.

O Alcalde sigue decindo que os sindicatos pedían que a totalidade de produtividade presupostada para os funcionarios se repartira de xeito lineal entre tódolos traballadores do concello e a eso non estou disposto porque creo que cada un ten a súa responsabilidade, e non é a mesma a da secretaria e apareladora que a do personal do lixo, con tódolos respetos; di que por iso propuxo unha produtividade para o personal laboral. Di que falou a última hora cos sindicatos que lle dixeron que non ían alegar contra o presuposto, que aceptaban a proposta e así é como vai.

Di que despois poden ver que o gasto corrente é tremendo; que o que aforraron municipalizando o lixo vaise na corrente eléctrica das depuradoras. Di que ten un estudio para a renovación de instalacións de alumeadado público a ver si se pode aforrar en consumo pero creo que a única forma vai ser afloxando bombillas.

Sigue explicando que o aluguer do centro de saúde é outro gasto inxusto, porque en condicións normais os demais concellos non sufragan gastos de local; é a xunta a que asume todo o gasto e nós, ó ter que alugar provisionalmente un local pagamos un gasto enorme de alugueres; di que está preocupado ademais porque a construción do novo dentro de saúde non vai ser mañán.

Sigue decindo que da guardería reclaman 65.000,00 € que non ten pensado pagar, polo menos mentres non expliquen de onde sae semellante liquidación. Di que culpa súa foi asinar o convenio pero nunca imaxinou que o gasto ía a ser tal, e ademais era requisito para a construción da guardería.

Di que as partidas en xeral redúcense bastante e que temos pendentes dúas licencias polos proxectos dos kiwis que teñen ICIOS moi altos, que non queren pagar. Di que recurriron a primeira liquidación, porque o cálculo se fixo a partir do orzamento declarado por eles mesmos, pero o certo era que presupostaron cousas que non deben incluírse no presuposto de execución material, como é o caso das plantas de kiwi, polo que na resolución do recurso excluíuse ese capítulo e non sei se tamén o rego.

A Secretaria aclara que o rego non.

Di que está preocupado polo gasto corrente; di que para o ano eliminará as festas, o alumeado de nadal, a festa de 3ª idade se non se suprime polo mesno ten que reducirse, ou ben facerse cada dous anos.

Sobre este último tema comenta que él ve que ós velliños failles moita ilusión a festa, sobre todo as excursións, máis que a comida en sí.

Di que tamén está pensando en romper a porta da praza de abastos para gardar alí os camións municipais e eliminar o gasto de oito mil e pico de euros que supón o aluguer da nave.

A concelleira Rosa Otero Carballa di que lle parece moi ben como forma de aforro a redución ó 50 % do importe por asistencias a sesións, pero que entende que non é ético baixar a retribución só dos concelleiros que non teñen adicación; que deberían baixar tamén o 50% o soldo dos que cobran. Di que está de acordo en que o precio do aluguer do centro de saúde é esaxerado e di que é demasiado caro para Oia, que cando había vacas gordas non se miraba tanto pero neste momento debía negociarse ou buscarse algo máis barato.

Sigue preguntando pola previsión de 36.000,00 € para a Mancomunidade Baixo Miño e pregunta en concepto de qué se aporta esa contía.

O Alcalde explica que a Mancomunidade ten uns gastos, por un lado de personal, porque ten tres funcionarios, choferes da maquinaria e secretaria e interventora, que son as de Tomiño. Di que ademais, teñen que sufragar os mantementos e reparacións das máquinas. Todo eso supón un total que se reparte por igual entre os concellos participantes, e toca a 36.000,00 € por ano a cada un. Logo repártense as visitas das máquinas por meses.

Di que solo o ano pasado foi unha aportación maior, de 41.000,00 € porque decidiron cofinanciar unha inversión coa mancomunidade.

Di que o uso das máquinas vai por un calendario por meses; que o malo é cando te tocan no inverno, que traballan moito peor, polo que están intentando rotar os concellos.

Di que como xa oirían, parece que a Xunta vai primar os concellos que mancomunen servicios, e estmos pensando en empezar a prestar algúns a través da mancomunidade a ver si podemos acceder a algunha subvención, é o caso do lixo (sobre todo contedores amarelos, verdes e azuis), comparti-los educadores etc.

A concelleira Rosa Otero Carballa pregunta qué rentabilidade se lle saca á Mancomunidade, porque si non é rentable haberá que estudialo.

O Sr. Alcalde di que é moi rentable; que o unico é que hai é que ter os traballos programados, sobre todo asfaltos e bacheos.

O Sr. Eugenio Portela Pérez di que o unico problema é que dependemos do material que da a Deputación, porque si hai que compralo é carísimo.

A concelleira Rosa Otero pregunta polas partidas destinadas a suministro de materiais de obras que aparecen no presuposto con números diferentes, e qué diferenza hai entre unhas e outras.

A Secretaria aclara que os díxitos veñen impostos pola orde de estrutura presupostaria, que o gasto realmente é o mesmo, pero que se diferencian as partidas en función do obxecto do gasto; non é o mesmo se o material se compra para servicios públicos básicos que para colexios etc.

As facturas impútanse a partidas distintas pola área de gasto.

A concelleira Rosa Otero pregunta pola partida de conferencias, cursos, seminarios, e pregunta se aquí se imparten seminarios.

Di que logo di " festa da terceira idade" e quere saber si de verdade se gastaron 20.000,00 € na festa.

O Sr. Alcalde contesta que 20.000,00€ non, 15.000,00€. Di que haberá que pasala a bianual ou que paguen unha parte, ou non sei.

A concelleira Rosa Otero di que o copago para sanidade i educación non, pero para estas cousas que non son necesarias si.

O Sr. Alcalde di que recoñece que é un gasto enorme pero dalle pena porque o pasan estupendamente; di que sobre todo as excursións encántanlle; di que na primeira lexislatura, que chegaron e non tiveron tempo para organizala, levounos a Baiona ó Parador, e quedou sorprendido cando comprobou que o 80 % non vira nunca o parador por dentro, e está ahí ó lado. Mentres hai cartos non hai problema pero agora, case hai que elixir entre ter festa da terceira idade ou reparar os baches dos camiños.....el cree que en lugar de suprimila haberá que darlles un pincho.

O concelleiro José Miguel Giráldez intervén para decir que se suprimimos as deputacións e repartimos a súa capacidade de financiación equitativamente entre os concellos do rural sairíamos gañando.

Di que é unha institución entre os concellos e a xunta, totalmente opaca, que o unico que fai é contratar xente; di que a de Ourense é a empresa máis grande da provincia.

O Sr. Alcalde di que todo ese tema é moi difícil, porque tamén se fala de suprimir concellos pero por débeda o máis endeudado é Madrid, así que debería suprimirse.

Di que él o que vai defender sempre é que os veciños de Oia, si o concello desaparece, teñen que ter a liberdade de elixir a qué concello queren pertencer.

Engade que, de todas formas, o personal do concello non está rascando a barriga, e supón que nos outros concellos pasará igual, así que non sabe si eso de suprimir concellos será unha solución.

O concelleiro Jose Miguel Giraldez di que él fala das deputacións, non de concellos.

O Sr. Alcalde di que o 11 de setembro, polo aniversario do atentado en Nueva York detectou que a mesma retransmisión saía por tres ou catro canais de tv, e que todos desprazan por ahí xente para contar o mesmo, e que eso non pode ser, que ahí tamén se pode reducir.

Sigue decindo que hai chiringuitos na xunta que teñen que desaparecer, e acaban de inventar a APLU, e todo o pagamos os cidadáns.

Hai que empezar por adelgazar a administración.

O Sr. Jose Miguel Giraldez di que a Deputación está en medio e non se sabe que fai.

A Sra Rosa Otero di que saber se sabe.

O Sr. Alcalde sigue decindo que hai inspectores para todo, inspectores de educación, gardas forestais etc e movelos a todos supón costes en coches oficiais etc.

O Sr. Jose Miguel Giraldez di que no caso das depuradoras o concello ten que velar porque funcionen ben.

O Sr. Alcalde di que o problema non é que funcionen ben ou non; o problema é que funcionar supón arredor de 1.500,00 € ó mes en consumo eléctrico, ademáis do contrato coa empresa que se encrga do mantemento das instalacións, que non fai nada e da que vamos a prescindir.

O Sr. Jose Miguel Giraldez di que el recorda cando a deputación serviu esas depuradoras que a publicidade que se lles facía era que non precisaban mantemento.

O Sr. Alcalde di que fixo unha proposta á Deputación para que xunte a tódolos concellos que teñen depuradoras como esas para ver si contratando o mantemento conxuntamente se pode reducir o coste dalgunha maneira.

O Sr. Jose Miguel Giraldez di que seguramente o mellor era desfacerse delas e colocar depuradoras normales como as que teñen os demais concellos.

O Sr. Alcalde di que tamén van a sacar un bando para concienciar á xente de que hai cousas que non poden chegar ás depuradoras, porque teñen comprobado que os verquidos veñen sempre do atascamento das depuradoras co material máis diverso, desde pedras ata sábanas e gabardinas.

O Sr. Gerardo Rodríguez di que se fixo un presuposto a correr e que quere plantear tres cousas: O presuposto fíxose so par dar saída a un recoñecemento extraxudicial de créditos que estaba pendente.

Os 65.000,00 € da partida de altos cargos supón o 20 % do capítulo de gastos de personal.

E o aluguer do local para centro de saúde é carísimo.

O Sr. Jose Miguel Giraldez quere saber por qué non se adicou a ese fin o Centro Cultural de Pedornes, que era a primeira opción.

O Sr Alcalde di que costaba 120.000,00 € rehabilitar Pedornes para centro de saúde, e calculamos o coste previsto en alugueres e era inferior, de terse construído o centro cando estaba pensado. Agora xa non.

O Sr. Gerardo Rodríguez fala das partidas de reparación de maquinaria, vehículos etc e di que ten que haber un parte do concelleiro responsable, onde apareza a matrícula do vehículo, o kilometraje do coche e pasarllo á Intervención. Di que hai que actuar con seriedade, igual que co material de obras; di que parecemos unha constructora en lugar dun concello. Sigue decindo que un concello como este non pode gastarse 13.000,00 € en teléfono. As comunicacións postais poden reducirse usando as novas tecnoloxías, das que dispoñemos e hai previsión de gastos en asesoramento, reunións e conferencias etc que engrosan as bolsas de vinculación.

Di que tamén lle parece enorme o gasto en limpeza dos colexios, por 33.000,00 €, e ademáis, sen contrato. Di que haberá que convocar unha licitación, igual que para o material de obra, que terá que ser almacenado e ir usándose a medida que faga falta.

Sigue comentando a previsión para o mantemento do alumeadado público, por 28.000,00 € e ademáis con facturas adicionais pola compra dos suministros para as reparacións. Pide que sexan serios; que así non é posible funcionar.

Di que hai 17.500,00 € de asistencias a sesións, outra vez salarios encubertos.

Sigue comentando que xa o dixera a anterior secretaria, no informe á liquidación do orzamento 2010: que hai que recaudar impostos; que hai que dar a alta de tódolos usuarios reais dos impostos e taxas e incrementar a recadación, como unica forma de soste este gasto, e, finalmente, hai gastos que deben cubrirse, como a luz ou o teléfono, e si non poden facerse chiringuitadas pois non se fan.

O Sr. Alcalde di que parece que o Sr. Gerardo Rodríguez desconfía do electricista, pero o certo é que temos tres mil e pico farolas, que as instalacións son antigas e temos que facer gasto en mantemento e reparación de averías. Di que todo eso é carísimo; explica que aquí o costume é dar parte o concello cada vez que falla unha luminaria; no concello vanse apuntando os partes de avería e trasládanse ó electricista que acude a reparar. Di que os que van a facer as reparacións son autónomos e a súa hora de traballo é cara.

A Sra Rosa Otero di que aínda así, 28.000,00 € é moi caro.

O Sr. Alcalde di que non poden ser 28.000,00 € porque se lle está pagando arredor de 1.500,00 € por mes.

A Sra Rosa Otero pregunta pola aportación para o campo de fútbol de herba artificial que figura no presuposto con trinta e oito mil e pico de euros.

O Sr. Alcalde di que o campo de fútbol de herba artificial o fixo deputación mediante un convenio de colaboración polo que o concello comprometéase a abonar o 20% do total. Explica que houbo distintas obras; primeiro gradas e paredes, logo vestiarios e finalmente o terreo de xogo. Esa contía é a que nos toca abonar.

A Sra Rosa Otero pregunta pola redución do salario dos cargos electos que lle comentou ó principio e pola negociación do aluguer do centro de saúde e pide unha resposta.

O Sr. Alcalde di que el xa baixou o seu salario en 200,00 € / mes e non vai a reducir o seu salario máis de momento, e polo que respecta ó aluguer do centro de saúde van a ter unha reunión con Caramés á que vai asistir o propietario do local. Xa se verá.

O Sr. Gerardo Rodríguez di que o problema máis grande no ámbito sanitario está na falta de banda ancha para que os médicos reciban os resultados das probas, que agora xa non veñen en papel, senón que se envían telemáticamente e sen a banda ancha aquí o servizo non se pode prestar. Di que eso debe comentarse con Caramés.

A Sra Rosa Otero di que eso o Alcalde xa o sabe, porque llo dixo Nuria.

O Sr. Gerardo Rodríguez pregunta ó Alcalde si se vai a facer caso á recomendación da secretaria anterior, respecto da necesidade de dar de alta no IBI urbano ós terreos situados en núcleo rural; di que xa sabe que non é competencia municipal senón do Catastro, pero debería solicitarse para que a recadación de IBI sexa relevante.

O Sr. Alcalde di que eso sí que sería afogar ós veciños do concello e opoñémonos totalmente, e pregunta ó concelleiro, Sr. Rodríguez, se lle gustaría pagar 300.000 pts polo trozo de terreo que ten ó lado da casa.

Di que non debe confundirse o rural co urbano porque liquidarían ós veciños definitivamente.

Sometido o asunto a votación, o concello en Pleno, con 6 votos favorables dos concelleiros do PP e 5 votos en contra, dos concelleiros de PSOE e BNG, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o presuposto desta Entidade para o ano 2011 que ascende á contía de **1.394.408,29 €** en ingresos e a **1.387.076,54 €** en gastos, polo tanto cun superávit cifrado en 7.331,75 €, correspondendo a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS.-

CAP.	DENOMINACION	€
	A) OPERACIONES CORRENTES	
1	Remuneracións do persoal.	453.417,15
2	Compra bens correntes e servizos.	667.051,00
3	Gastos financeiros.	15.478,09
4	Transferencias correntes.	37.467,44

B) OPERACIONES DE CAPITAL		
6	Inversións reais.	127.636,16
7	Transferencias de capital.	43.867,17
8	Activos financeiros.	0,00
9	Pasivos financeiros.	42.159,53
TOTAL GASTOS		1.387.076,54

ESTADO DE INGRESOS.-

CAP.	DENOMINACION	€
A) OPERACIONES CORRENTES		
1	Impostos directos.	352.732,56
2	Impostos indirectos.	43.839,27
3	Taxas e outros ingresos.	231.278,83
4	Transferencias correntes.	723.541,94
5	Ingresos patrimoniais.	1.845,40
B) OPERACIONES DE CAPITAL		
6	Enaxenación inversións reais..	0,00
7	Transferencias de capital.	41.170,29
8	Activos financeiros.	0,00
9	Pasivos financeiros.	0,00
TOTAL INGRESOS		1.394.408,29

SEGUNDO: Anular a modificación presupostaria nº 2/2011, aprobada por decreto nº 68/2011, de data 24.02.2011, toda vez que a citada modificación, que tiña por obxecto dar cumprimento á sentenza 315/2010 de 13 de decembro de 2010 dictada polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra no Procedemento Ordinario 168/2010, condenando ó concello ó abono de intereses de demora a favor de Urbaser por importe de 11.293,11 €, levouse a cabo mediante a minoración do crédito necesario para facer frente á amortización dos préstamos concertados polo concello, e no presente proxecto de orzamento, dótase expresamente a partida de intereses de demora, debendo devolverse ó crédito á partida de amortizacións.

TERCEIRO: Anular a modificación presupostaria nº 12/2011, de transferencia de crédito 4/2011, aprobada por decreto 321/2011 de 22 de setembro, pola que se dotaba de crédito á partida 1 609.10, co fin de completar a consignación presupostaria necesaria para a liquidación da obra " Saneamento en pavimentación camiño das Escubelas", incluída no PPC 2010, ante o inminente remate da prorroga do prazo de xustificación concedido por Deputación Provincial.

CUARTO: Anular as modificacións presupostarias nº 13/2011, de transferencia de crédito 5/2011, realizada para dotar a aportación municipal do PPC 2011, así como a nº 15/2011 por xeración de créditos 8/2011, coa incorporación ó presuposto prorrogado dos fondos confirmados pola Deputación Provincial, para a realización da obra " Saneamento Laxes, Portosenín, Viladesuso", que foi necesario acometer antes da entrada en vigor do orzamento para o exercicio corrente, por cuestión de prazos impostos polo ente subvencionante, debendo agora anularse as modificacións referidas, ó estar prevista a financiación completa no anexo de inversións do orzamento, evitando así a súa duplicación.

QUINTO: Aprobar as Bases de Execución do Presuposto, nos termos en que se redactaron, e que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias do propio Concello.

SEXTO: Aproba-lo cadros de persoal dos postos de traballo reservados a funcionarios e laboral para o ano 2011, tal como figuran nos anexos de persoal, en cumprimento do disposto na normativa de aplicación, así como as retribucións previstas para todo o persoal funcionario e laboral do concello e cargos electos con adicación exclusiva e parcial.

SETIMO: Recoñecer a antigüidade do personal laboral non fixo do concello co seguinte detalle:

Traballador	Antigüidade recoñecida	Trienios de aplicación
Alvaro Miniño Mariño	3 trienios (09.07.2011)	Grupo C2 (22.6 LOXE 2011)
Manuel Crespo Alvarez	1 trienio (16.04.2009)	Grupo E (22.6 LOXE 2011)
Raquel Perez Fernández	2 trienios (24.06.2011)	Grupo A1 (22.6 LOXE 2011)

O presente acordo empezará a producir efectos na nómina do mes seguinte á entrada en vigor do presente orzamento.

OITAVO: Que se expoña ó público por prazo de 15 días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (R.D. Lex 2/2004 de 5 de marzo), debendo publicarse o anexo de personal así como as retribucións dos cargos electos.

NOVENO: Que, no suposto de non presentarse reclamacións, se considerará definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de edictos deste Concello, xuntamente co cadro de persoal, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/86 e 169.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e noutro caso procederáse dacordo co previsto no 169.1 do mesmo.

DECIMO: Que, dacordo co artigo 169.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais se remita copia do orzamento definitivamente aprobado a Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

CUARTO: Aprobación, se procede, de expediente 3/2011 de recoñecemento extraxudicial de créditos, por importe total de 44.640,57€, condicionado á entrada en vigor do orzamento municipal 2011.

O Sr. Alcalde presenta o expediente coas facturas que inclúe decindo que son facturas de gastos de inversión de 2010, que levan moito tempo esperando para poder ser aprobadas.

O Sr. Gerardo Rodríguez pide que explique á Secretaria que é un recoñecemento extraxudicial de crédito porque está claro que o Alcalde non o entendeu.

O Sr. Alcalde di que temos obriga de pagar e que son gastos que foron necesarios no seu momento.

A Sra. Rosa Otero pregunta se tiña partida cando se acometeu o gasto.

O Sr. Alcalde contesta que non tiña partida, senón non estarían pendentes de aprobación.

A Sra Rosa Otero di que entón non hai recoñecemento que valga, non é para iso.

O Sr. Alcalde di que si se pasa do total da partida.....dalgunha maneira haberá que pagar.

A Sra. Rosa Otero pide que non lles pida o apoio nesteo.

O Sr. Alcalde contesta que a responsabilidade é súa; se fan unha obra non a van deixar sen rematar.

O Sr. Jose Miguel Giraldez lee o informe de Secretaría intervención: " non debería converterse nunha practica habitual para facer gastos sen consignación presupostaria...."

O Sr. Gerardo Rodríguez di que que haxa situacións desde tipo pode ser normal pero debería coñecerse eses gastos por parte de Intervención.

O Sr. Alcalde di que discrepa coa secretaria.

Continúa decindo que ten unha enorme capacidade de xestión; que o concello se lles queda pequeno; que o que se fai e os servicios que se dan co que hai indica unha enorme capacidade de xestión.

Sometido o asunto a votación o Concello en Pleno, con 6 votos favorables, dos concelleiros do PP e 5 votos en contra dos concelleiros de PSOE e BNG, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Levantar o reparo formulado pola Intervención, en Informe de 09.09.2011, e ordenar a continuación do procedemento.

SEGUNDO: Aprobar o recoñecemento extraxudicial 3/2011, por importe total de 44.640,57 €, recoñecendo as obrigas que se indican, con cargo ás partidas presupostarias que tamén se detallan, no anexo que se inclúe.

TERCEIRO: Condicionar os efectos do presente acordo á entrada en vigor do orzamento municipal para 2011, momento en que estarán dispoñibles os créditos do exercizo corrente contra os que deberán imputarse os gastos aprobados a través deste expediente.

CUARTO: Ordenar se proceda á imputación contable dos gastos enumerados contra os créditos previstos no Anexo de Inversións que acompaña ó orzamento municipal para 2011, no momento en que éste entre en vigor.

QUINTO: Dar traslado do presente á Intervención e Tesourería para o seu reflexo contable, cando sexa posible.

QUINTO: Informe de morosidade a 30.07.2011, para tramitación ante os órganos externos de control.

O Sr. Alcalde di que esto xa saben que ven obrigado pola lei de medidas de loita contra a morosidade, que da moito traballo ós funcionarios e que hai que tramitalo.

O Sr. Gerardo Rodríguez di que quere saber cales son as facturas que realmente están pendentes.

A Secretaria explica que este informe de morosidade ten data 30.07.2011, porque a norma impón a obriga de dar conta trimestralmente ó Pleno, pero que poden sacar un estadillo das facturas pendentes a data de hoxe, e terá o listado sen problema.

O Sr. Gerardo Rodríguez sigue decindo que todos os anos lle pasa igual; que nunca é capaz de saber que queda pendente realmente dun ano para outro.

A Secretaria di que eso non é problema; que haberá que sacar o listado das facturas rexistradas en pendentes a 31.12.2011.

Neste momento o Sr. Alcalde reprocha ós concelleiros da oposición, o uso que fan ás veces dos informes de Secretaría-Intervención, en referencia ó informe que saliu publicado na prensa hai uns días, que unicamente serviu para poñer nerviosa á Secretaria porque tal e como se planteou a noticia parecía que ela fora quen chamara á prensa.

O Sr. Jose Miguel Giráldez di que foi el e que xa falou coa secretaria o mesmo día, porque remitiu directamente o informe á prensa; non foi el quen redactou a nota e por iso resultou así.

O Alcalde roga que teñan en conta a posición dos funcionarios municipais cando fan uso da información que se lles facilita como concelleiros que son.

Confeccionados os informes referidos na Lei 15/2010 de medidas de loita contra a morosidade de operacións comerciais, por parte da intervención e da tesourería municipal, e cumprido o prazo de tres meses previsto, o pasado 30.07.2011, o concello en Pleno, por unanimidade dos asistentes, 11 votos, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Que no prazo de 15 días contados desde o seguinte ó día de hoxe se publique no tablón de anuncios do Concello, un informe agregado da relación de facturas e documentos presentados pola Tesourería e a Intervención nos seus respectivos informes, agrupándoos según o seu estado de tramitación.

SEGUNDO.- En cumprimento do artigo 4.4 da lei 15/2010, remitir o Informe de Tesourería ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda (Dirección Xeral de Coordinación Financieira coas CCAA e coas EELL) e ós da CCAA de Galicia que teñan atribuída a tutela financeira das Entidades Locais.

Chegados a este punto os concelleiros plantean a necesidade de facer un receso de media hora, visto que levan xa case tres horas de sesión e o que falta, relativo ó Mosteiro de Oia, tamén ten moito que falar.

O Sr. Alcalde está de acordo.

Cando son as 11.50 horas se acorda un receso de media hora, reincorporándose os concelleiros e reanudándose a sesión, ás 12.40 horas, coa ausencia, de D. Eugenio Portela Pérez e D. Albino Diego Peleteiro, este último por motivos de traballo.

SEXTO: Convenio urbanístico sobre ordenación detallada e delimitación de polígono que afecta ó Monasterio de Santa María de Oia e ó entorno inmediato do mesmo.

A continuación os concelleiros expoñen as dúbidas e reparos que o borrador de convenio lles plantea, das que xa faláron en reunión convocada ó efecto onte pola tarde, e que poden concretarse nas seguintes fundamentalmente, según enumeración realizada pola concelleira D^a Rosa Otero Carballa:

- 1) Consideran necesario supeditar a firma do convenio á ordenación detallada do que se quere levar a cabo na area a delimitar, porque doutro xeito están comprometéndose a cegas.
- 2) Consideran imprescindible coñecer a opinión dos restantes propietarios do polígono, visto que na superficie total do polígono, o Residencial Monasterio de Oia conta con cincuenta e pico mil m², faltándolle outros vinte mil que hoxe son propiedade privada.
- 3) Consideran necesario que calquera compromiso que se poida adoptar insista na prioridade absoluta da rehabilitación de mosteiro.

Vistos os condicionantes amosados polos concelleiros, as técnicos presentes na sesión, apareladora e secretaria municipais, volven a recordar ós corporativos o que xa se manifestou na reunión mantida na tarde de onte de que a ordenación detallada virá nun momento posterior, no que entre todos consensuarán a modificación puntual das NNSS, que incluírá a delimitación do polígono e as condicións urbanísticas da execución.

Os concelleiros din que xa saben iso pero insisten en que a empresa debería facilitarlles un esbozo da intención que teñen para a edificabilidade que lles resta no polígono.

O Sr. Jose Miguel Giráldez di que non sabe por que non pode tratarse todo conxuntamente.

O Sr. Roberto González Martínez engade que o convenio tal e como ven, inclúe os compromisos relativos ós servizos esenciais, que a estas alturas non saben si van a poder cumprir, como é o caso da auga e do alcantarillado.

O Sr. Alcalde di que non hai ningún inconveniente en delimitar o polígono pero o que parece que teñen todos claro é que non queren asumir os compromisos que se inclúen no convenio.

A técnico municipal volve a ler os artigos da LOUGA relativos ós convenios de planeamento, que é o que é isto que teñen sobre a mesa.

Os concelleiros están de acordo en que deben empezar polo principio, polo que están de acordo en deixar o asunto sobre a mesa, e iniciar conversas cos restantes propietarios particulares afectados no polígono proposto, e preguntan cómo pode facerse para identificalos a todos e reunirlos.

A Secretaria di que sacarán o parcelario da zona e pode prepararse unha carta para convocalos a unha reunión. Di que si queren xa poden agora fixar a data.

Os concelleiros están de acordo con isto último, decindo que prefiren a reunión un venres pola tarde pero que non determinan de antemán a data; que cando se poñan en contacto cos veciños e barallen unha data que a comuniquen por mail.

Preguntan cando se lle vai comunicar esta decisión a Residencial Mosteiro de Oia; a secretaria di que intentará comunicarllo por mail xa hoxe.

Os concelleiros piden que se lles envíe a eles tamén a redacción do exposto neste punto do pleno.

A Secretaria di que non ten inconveniente.

Sen máis asuntos que tratar, cando son as 13.40 horas do 25.10.2011, o Sr. Alcalde levanta a sesión, da que extendo a presente acta, que asina comigo o Alcalde Presidente.

O Alcalde

A secretaria

Asdo. Alejandro Rodríguez Rodríguez

Asdo. Maria Cabodevila Ros